

I. DISPOSICIÓN XERAIS

MINISTERIO DE FACENDA E ADMINISTRACIÓN PÚBLICAS

4667 *Real decreto 303/2015, do 24 de abril, polo que se modifica o Regulamento dos incentivos rexionais, de desenvolvemento da Lei 50/1985, do 27 de decembro, aprobado polo Real decreto 899/2007, do 6 de xullo.*

O Real decreto 899/2007, do 6 de xullo, polo que se aproba o Regulamento dos incentivos rexionais, de desenvolvemento da Lei 50/1985, do 27 de decembro, de incentivos rexionais para a corrección dos desequilibrios económicos interterritoriais, adaptou o réxime xurídico dos incentivos rexionais á normativa comunitaria vixente en materia de axudas de finalidade rexional.

No «Diario Oficial de la Unión Europea» do pasado día 23 de xullo de 2013 publicáronse as directrices sobre as axudas estatais de finalidade rexional para 2014-2020 (2013/C 209/01). Por outra banda, no «Diario Oficial de la Unión Europea» do pasado día 26 de xuño publicouse o Regulamento (UE) n.º 651/2014 da Comisión, do 17 de xuño de 2014, polo que se declaran determinadas categorías de axudas compatibles co mercado interior en aplicación dos artigos 107 e 108 do Tratado.

Esta normativa introduciu algunhas novidades en materia de investimentos subvencionables, acreditación do non inicio dos investimentos mediante a supresión da «comunicación de elixibilidade», así como para a demostración do efecto incentivador das axudas para poder ser beneficiario delas, que exixen a modificación dos artigos 8, 9, 22 e 24 do Regulamento dos incentivos rexionais, de desenvolvemento da Lei 50/1985, do 27 de decembro.

Así mesmo, a disposición derradeira oitava da Lei 39/2010, do 22 de decembro, de orzamentos xerais do Estado para o ano 2011, modificou a redacción do artigo 13.2.b) da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, en materia de requisitos para poderen ser beneficiarias de subvencións as empresas que fosen declaradas en concurso. Dado que, de conformidade co previsto na disposición adicional novena da dita lei, os incentivos rexionais se rexen, con carácter xeral, pola súa normativa específica e só se lles aplica a Lei 38/2003, do 17 de novembro, de maneira supletoria, modifícase a redacción do artigo 15.1.b) do regulamento para darlle nesta materia unha redacción idéntica á da dita lei.

Reintrodúcese como investimento incentivable a adquisición de activos inmateriais, cos límites previstos no regulamento, e redúcese de cinco millóns de euros a un millón o límite que permite ao beneficiario dunha subvención de incentivos rexionais solicitar cobramentos á conta a medida que vaia xustificando o investimento.

Para as pequenas e medianas empresas redúcese de cinco anos a tres o prazo da obriga de mantemento dos investimentos en condicións normais de funcionamento, contados a partir da data de fin de vixencia establecida na resolución individual de concesión.

Finalmente, en materia de control e inspección dos incentivos introdúcese unha serie de criterios para valorar a proporcionalidade de determinados incumprimentos.

No proceso de elaboración deste real decreto foron consultadas as comunidades autónomas e cidades con estatuto de autonomía afectadas e emitiu informe o Consello Reitor de Incentivos Rexionais.

Na súa virtude, por proposta do ministro de Facenda e Administracións Públicas, de acordo co Consello de Estado e logo de deliberación do Consello de Ministros na súa reunión do día 24 de abril de 2015,

DISPOÑO:

Artigo único. *Modificación do Regulamento dos incentivos rexionais, de desenvolvemento da Lei 50/1985, do 27 de decembro, aprobado polo Real decreto 899/2007, do 6 de xullo.*

O Regulamento dos incentivos rexionais, de desenvolvemento da Lei 50/1985, do 27 de decembro, queda modificado como segue:

Un. O artigo 8 queda redactado da seguinte forma:

«Artigo 8. *Outras condicións exhibibles aos proxectos.*

Os proxectos de investimento que pretendan acollerse ao réxime dos incentivos rexionais deberán cumprir os seguintes requisitos:

a) Xulgarse viables técnica, económica e financeiramente, de acordo coa documentación achegada na solicitude.

b) Dispor dun nivel de autofinanciamento non inferior ao que se especifique nos reais decretos de delimitación e, en calquera caso, igual ou superior ao 25 por cento. Ademais, a empresa que promova o proxecto deberá contar cun nivel mínimo de fondos propios, que será fixado na resolución individual de concesión, de acordo cos criterios que fixe respecto diso o Consello Reitor de Incentivos Rexionais.

c) A solicitude para acollerse aos beneficios débese presentar antes do comezo da realización do investimento para o cal se solicitan os incentivos rexionais, de tal maneira que o investimento só se poderá iniciar despois da presentación da dita solicitude.

Para estes efectos, por «inicio dos investimentos» enténdese ou ben o inicio dos traballos de construción no investimento, ou ben o primeiro compromiso en firme para o pedido de equipamentos ou outro compromiso que faga o investimento irreversible, se esta data é anterior. A compra de terreos e os traballos preparatorios, como a obtención de permisos e a realización de estudos previos de viabilidade, non se consideran o inicio dos traballos.

d) A axuda debe ter un efecto incentivador, consistente en que o solicitante que emprenda o proxecto non o tería realizado sen a axuda, ou só o tería emprendido dunha maneira limitada ou diferente ou noutro lugar, polo que, xunto co requisito mencionado no parágrafo anterior, ao solicitar a axuda se debe explicar que efecto sobre a decisión de investir ou sobre a decisión de localizar o investimento se tería producido se non se recibisen os incentivos rexionais. Ademais, as grandes empresas deben presentar probas documentais que apoiem o descrito anteriormente.»

Dous. O número 1 do artigo 9 queda redactado da seguinte forma:

«1. Os conceptos de investimento que se poderán incentivar serán os activos fixos novos ou de primeiro uso, referidos aos seguintes elementos de investimento:

a) Obra civil.

b) Bens de equipamento, excluídos os elementos de transporte exterior.

c) No caso das pequenas e medianas empresas, ata o 50 por cento dos custos derivados dos estudos previos do proxecto, entre os cales se poden incluír traballos de planificación, enxeñaría de proxecto e dirección facultativa dos proxectos.

d) Activos inmateriais, coa condición de que non excedan o 30 por cento do total do investimento incentivable, se utilicen exclusivamente no centro onde se realice o proxecto, sexan inventariables, amortizables e se adquiran en condicións de mercado a terceiros non relacionados co comprador.

e) Outros conceptos, excepcionalmente.

Para a determinación dos importes dos investimentos subvencionables correspondentes aos anteriores puntos, o Consello Reitor de Incentivos Rexionais poderá establecer módulos por unidade de medida, de maneira que se garanta que non se superan os prezos de mercado.»

Tres. A alínea b) do número 1 do artigo 15 queda redactada da seguinte forma:

«b) Ter solicitado a declaración de concurso voluntario, ter sido declarados insolventes en calquera procedemento, acharse declarados en concurso, salvo que neste adquirise a eficacia un convenio, estar suxeitos a intervención xudicial ou ter sido inhabilitados conforme a Lei 22/2003, do 9 de xullo, concursal, sen que concluíse o período de inhabilitación fixado na sentenza de cualificación do concurso.»

Catro. A alínea b) do número 1 do artigo 16 queda redactada da seguinte forma:

«b) Se a axuda se determina como unha porcentaxe do investimento aprobado, deberá mantela na zona de promoción económica onde se lle concedeu a axuda e en condicións normais de funcionamento durante un período mínimo de cinco anos, se é unha grande empresa, e tres anos se é unha pequena ou mediana empresa, a partir da data de fin de vixencia establecida na resolución individual de concesión.»

Cinco. A alínea f) do número 1 do artigo 22 queda redactada da seguinte forma:

«f) Xestionar e tramitar os expedientes de solicitude.»

Seis. O artigo 24 queda redactado da seguinte forma:

«Artigo 24. *Execución anticipada dos proxectos.*

Os solicitantes dos incentivos rexionais poderán executar os investimentos sen necesidade de esperar á resolución final que se adopte, sempre que acrediten adecuadamente, na forma que estableza o Ministerio de Facenda e Administracións Públicas, que estas non se iniciaran antes de presentar a solicitude, sen que iso prexulga a decisión que finalmente se adopte.»

Sete. O número 3 do artigo 37 queda redactado da seguinte forma:

«3. Liquidación á conta parcial.

Dentro do prazo de vixencia, o beneficiario poderá solicitar ante a comunidade autónoma cobramentos á conta da subvención, a medida que vaia xustificando a realización do investimento, sempre que así estea autorizado na correspondente resolución individual de concesión.

Mesmo cando percibisen importes parciais da subvención antes do final do prazo de vixencia, o beneficiario deberá cumprir o establecido no artigo 38 deste regulamento.

En ningún caso se acordarán calendarios de investimento e de subvención asociados para expedientes cuxo importe de subvención sexa menor de 1 millón de euros.»

Oito. Os números 1 e 3 do artigo 41 quedan redactados da seguinte forma:

«1. Todas as incidencias na titularidade do beneficiario que afecten o proxecto producidas durante o período de cinco anos seguintes á data da fin de vixencia, se é unha grande empresa, ou de tres anos se é unha peme, se deberán comunicar ao órgano competente da comunidade autónoma. A incidencia será resolta pola Dirección Xeral de Fondos Comunitarios.

3. A resolución da incidencia de transmisión recollerá a responsabilidade solidaria tanto do transmisor titular dos incentivos coma do novo adquirente respecto do cumprimento das condicións pendentes tendo en conta os prazos fixados, respectivamente, para o mantemento do emprego e para o mantemento do investimento. Esta responsabilidade deberá ser aceptada expresamente polas dúas sociedades.»

Nove. Os números 2 e 3 do artigo 42 quedan redactados da seguinte forma:

«2. Co obxecto de realizar as comprobacións da obriga de mantemento descrita no punto anterior, o beneficiario deberá achegar, na fin da vixencia, o inventario dos bens obxecto da subvención a que se fai referencia no artigo 34.1. Este inventario conterá a información necesaria que permita verificar o mantemento dos investimentos da súa propiedade nos cinco ou tres anos seguintes á finalización do prazo de vixencia, segundo proceda, de acordo co modelo normalizado que estableza o Ministerio de Facenda e Administracións Públicas. No período comprendido entre os seis e tres meses anteriores á finalización do prazo para o mantemento dos investimentos, o beneficiario deberá presentar de novo, ante o órgano competente da comunidade autónoma, o mesmo modelo de inventario de bens na dita data e no cal se reflectirán, de ser o caso, as baixas de activos e as datas en que se produciron, así como a identificación dos bens substitutivos e as datas da súa incorporación. O órgano competente da comunidade autónoma remitirá á Dirección Xeral de Fondos Comunitarios o informe sobre o grao de cumprimento desta condición, tras a realización da comprobación física da existencia dos bens antes da finalización do prazo establecido para o mantemento dos investimentos.

O non cumprimento do disposto no número 1 ou a non presentación nos prazos sinalados do inventario de bens a que fai referencia este punto podería dar lugar á declaración de perda da subvención concedida, logo da tramitación do procedemento de incumprimento regulado no artigo 45.

3. A concesión dos incentivos rexionais estará condicionada ao mantemento dos postos de traballo exixidos durante dous anos desde a data de fin de vixencia, que incluírán os postos que se deban manter durante o período de vixencia e o mantemento dos postos que se vaian crear, de ser o caso, na fin da vixencia.»

Dez. O artigo 46 queda redactado da seguinte forma:

«Artigo 46. *Incumprimento de condicións e gradación do seu alcance.*

1. Procederá a declaración de incumprimento e, de ser o caso, o reintegro total ou parcial das cantidades percibidas, e a exixencia do xuro de demora devindicado desde o momento do pagamento da subvención ata a data en que se acorde a procedencia do reintegro, nos seguintes casos:

- a) Incumprimento das obrigas de xustificación, comunicación ou acreditación, xustificación insuficiente ou xustificación fóra do prazo establecido.
- b) Obtección da subvención sen reunir as condicións requiridas para iso.
- c) O falseamento, a inexactitude ou a omisión nos datos proporcionados polo beneficiario que servisen de base para a concesión.
- d) Incumprimento da finalidade para a cal a subvención foi concedida.
- e) Incumprimento das condicións impostas aos beneficiarios con motivo da concesión da subvención.
- f) Incurrir, en calquera momento antes da finalización do prazo de vixencia dos incentivos, nalgunha das causas previstas no artigo 15 deste regulamento.
- g) Obtección da subvención por unha contía cuxo importe, illadamente ou en concorrencia con subvencións ou axudas doutras administracións públicas ou doutros entes públicos ou privados, exceda os topes máximos do investimento

aprobado regulados no artigo 13 deste regulamento, así como nos correspondentes reais decretos de delimitación.

h) Incumprimento das obrigas do beneficiario previstas no artigo 16 deste regulamento.

2. Tratándose de condicións referentes á contía do investimento, o alcance do incumprimento determinarase proporcionalmente ao investimento deixado de practicar ou practicado indebidamente.

Se o incumprimento supera o 50 por 100, o alcance do incumprimento será total.

3. Tratándose das condicións referentes ao mantemento do investimento en condicións normais de funcionamento durante os prazos a que se refire a alínea b) do número 1 do artigo 16, o alcance do incumprimento determinarase de forma proporcional ao investimento non mantido e ao período durante o cal se incumpriron os requisitos.

Se o incumprimento supera o 50 por 100, o alcance do incumprimento será total.

4. Tratándose de condicións referentes á creación e ao mantemento de postos de traballo, tanto no período de vixencia como no período de dous anos posterior á fin de vixencia, o alcance do incumprimento determinarase na proporción en que a dita condición quede incumprida, relacionando os postos non mantidos ou non creados con aqueles a que o beneficiario quedase obrigado na resolución correspondente e, de ser o caso, ao tempo do período correspondente, medido en meses, durante o cal se incumpriu a condición. Para estes efectos, nos meses en que o nivel medio de emprego do beneficiario iguale ou supere o fixado na resolución, considerarase que as condicións se cumpriron, pero o exceso de postos de traballo sobre os cales se estivese obrigado a manter ou a crear non se compensará cos postos que non se mantiveron ou crearon noutros períodos mensuais distintos.

En todo caso, a obriga de manter o emprego, tanto durante o período de vixencia coma durante o período posterior á fin de vixencia, exixirá que nin o nivel de emprego no momento da finalización de cada período nin o emprego medio computando a totalidade dos postos de traballo mantidos durante o período considerado sexa inferior ao nivel de emprego que se deberá manter fixado na resolución.

Igualmente, a obriga de crear emprego, tanto durante o período de vixencia coma durante o período posterior á fin de vixencia, exixirá que o nivel de emprego no momento da finalización de cada período non sexa inferior ao nivel de emprego que se deberá manter fixado na resolución máis a metade do emprego que se deba crear.

Se non se respectan os requisitos establecidos nos dous parágrafos anteriores, o incumprimento excede o 50 por 100 ou ten como resultado a destrución de emprego, o alcance do incumprimento será total.

5. No suposto de obter incentivos por unha contía cuxo importe, illadamente ou en concorrencia con outras subvencións ou axudas públicas, exceda os topes máximos a que fai referencia o artigo 3.2 da Lei 50/1985, minorarase o importe dos incentivos no exceso obtido sobre os topes máximos do investimento aprobado.

6. En todo caso, o alcance do incumprimento será total nos seguintes casos:

- a) Obter a subvención sen reunir as condicións requiridas para iso.
- b) Cando non se acredite o nivel de autofinanciamento mínimo exixido na resolución de concesión con base no establecido na alínea b) do artigo 8.
- c) Incumprir a finalidade para a cal a subvención foi concedida.
- d) A non inscrición nos rexistros oficiais exixidos pola lexislación para o desenvolvemento da actividade subvencionada.
- e) Carecer dos permisos, licenzas ou autorizacións exixidos pola normativa aplicable que resulten necesarios para realizar os investimentos comprometidos ou para desenvolver a actividade subvencionada en condicións normais de funcionamento.

f) Cando o beneficiario non acredite que está ao día das súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social.

g) A falta de colaboración coas actuacións de comprobación e control a que se refire o artigo 16.1.e).

h) Cando, en calquera momento da vixencia, o beneficiario incorra nas situacións de prohibición de acceso aos incentivos rexionais establecidas no artigo 15 deste regulamento.

i) Se, como consecuencia do incumprimento, o investimento subvencionable quede por baixo do mínimo fixado nos reais decretos de delimitación para efectos de concesión.

j) Cando o importe resultante dos incentivos non supere o 35 por 100 dos inicialmente aprobados.

k) Cando non se cumpran os prazos previstos na resolución de concesión para a acreditación do cumprimento de condicións, incluídos os previstos para as condicións intermedias reguladas no artigo 33.

l) Cando a subvención percibida para un mesmo proxecto supere os límites máximos establecidos con base nunha subvención non comunicada nos prazos establecidos no artigo 16 h).

m) Cando non se comuniquen as incidencias na titularidade posteriores á concesión no prazo previsto no artigo 31.3.

n) A presentación no prazo sinalado dos inventarios de bens a que fai referencia o artigo 42.2.

7. Se o incumprimento deriva da inobservancia dalgunha condición ou suposto distinto dos anteriores, o seu alcance, total ou parcial, será determinado en función do grao e da entidade da condición incumplida.

8. A concorrencia de distintas causas de incumprimento dará lugar á súa apreciación conxunta para determinar o alcance do incumprimento.

Para estes efectos, o alcance do incumprimento, en tanto por 100, obterase restando de 100 o produto do grao de cumprimento, en tanto por cento, de todas e cada unha das condicións.

9. Cando o alcance do incumprimento sexa total aplicando o establecido nos puntos anteriores, non procederá recoñecer subvención ningunha ao beneficiario, o que dará lugar, de ser o caso, ao reintegro das cantidades percibidas e á exixencia dos xuros de demora correspondentes.

Nos demais casos, a subvención procedente que se lle recoñecerá ao beneficiario obterase reducindo a subvención concedida na porcentaxe do alcance do incumprimento, o cal dará lugar, de ser o caso, ao reintegro das cantidades percibidas en exceso e á exixencia dos xuros de demora correspondentes.»

Disposición transitoria única. *Mantemento da condición de emprego, incumprimento e gradación do seu alcance.*

A aquelas axudas concedidas con anterioridade á entrada en vigor do presente real decreto nas cales non finalizase o prazo de vixencia establecido na resolución individual de concesión seralles de aplicación o establecido nel respecto da obriga de manter os postos de traballo exixidos conforme o número 3 do artigo 42 e conforme os criterios que, para determinar o incumprimento da condición de emprego e graduar o seu alcance, se establecen no número 4 do artigo 46, sempre que iso resulte máis favorable ao beneficiario. O mesmo resultará de aplicación a aquelas axudas para as cales non se cumpriu o período de dous anos posteriores á fin de vixencia, exclusivamente en canto á obriga de manter os postos de traballo exixidos durante o mencionado período.

Disposición derradeira primeira. *Habilitación.*

Habíltase o ministro de Facenda e Administracións Públicas para ditir, por proposta do Consello Reitor de Incentivos Rexionais, as disposicións necesarias para o desenvolvemento e a execución deste real decreto.

Disposición derradeira segunda. *Entrada en vigor.*

Este real decreto entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Dado en Madrid o 24 de abril de 2015.

FELIPE R.

O ministro de Facenda e Administracións Públicas,
CRISTÓBAL MONTORO ROMERO